



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO, POLA QUE SE NOMEAN OS VOGAIS DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN CONFORME Á ORDE DO 24 DE AGOSTO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN AS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE FORMACIÓN EN RÉXIME DE EMPRESA TUTELADA PARA OS/AS TITULADOS/AS EN CICLOS FORMATIVOS DE ACUICULTURA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA.

ANTECEDENTES

O día 7 de setembro de 2023 publicouse a Orde do 24 de agosto de 2023 pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria de bolsas de formación en réxime de empresa tutelada para os/as titulados/as en ciclos formativos de acuicultura, e se procede á súa convocatoria.

Conforme ao establecido nos puntos 2 e 3 do artigo 10 desta orde, constituirase na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a Comisión de Avaliación que estará integrada por:

- Presidente/a: a persoa que ocupe a dirección do IGAFA
- Suplente do/a presidente/a: a persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais ou persoa en quen delegue
- Secretario/a: actuará como tal un dos membros da comisión
- Vogais: Catro vogais designados pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, entre o persoal funcionario dos grupos A1 ou A2

A dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é a competente para resolver o expediente.

De acordo con todo o anteriormente exposto, e unha vez vista a proposta de nomeamento do director do Instituto Galego de Acuicultura (Igafo), RESOLVO designar como vogais da comisión a:

- Isabel Fernández Álvarez
- Miguel Ánxo Lastres Couto
- Bernardo Fernández Souto
- Vicente Nieto Fernández

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun mes, desde a publicación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(Asinado dixitalmente)

